



PROGRAMA DE TERAPIA FAMILIAR.

Obxectivos xerais:

- Ofrecer ás familias do Concello un servizo de psicoterapia especializado para dar resposta ás posibles problemáticas ou dificultades familiares que se atopan.

Obxectivos específicos:

- Restablecer e/ou mellorar as relacións entre pais/nais e as súas fillas e fillos menores, favorecendo formas de comunicación eficaces , respectuosas e igualitarias entre eles.
- Potenciar os recursos das familias para acadar a resolución de conflitos e acordos mutuamente aceptados.
- Proporcionar os pais e nais pautas psicoeducativas para favorecer un desenvolvemento óptimo dos menores.

Acceso ó programa:

Poderán ser beneficiarias deste servizo todas aquelas persoas empadroadas no Concello que consideren que na súa familia existe algún conflito: de parella, entre nais/pais e fillas/fillos ou coa familia extensa.

